



Ordes III, 1, Olas, Rafael 62 anos, Elvira 60, Xesusa 40

CD 10, 5 - 6

- III,1,455. 29) "Ñe- , ne- , nena que vende-las peras
¿cantas che mandaron dar?"
"Para ti meu queridíño
non mas mandaron contar."
460. ⑤ Conto.
506. ⑥ 30) Heiche de dar o arado
e maila vaca marela
e maila filla mais nova
si non queres a mais vella.
510. A miña muller é vella
enterreina no palleiro
e deixeielle un brazo fora
para toca-lo pandeiro.
513. 31) A miña muller é vella
e enterreina nun burato
eu premíalle a cabeza
ela 'envoscábame' o rabo. I 96
VI 1893
518. 32) /:A muller de Roquetroque
baila co cregho na eira, :/
Roquetroque está mirando
como a muller se peneira.
523. 33) Miña nai por me casare
ofreciume canto tiña :/
e despois que me casei
paghoume cunha ghalíña.
527. 34) Ai, o cura cando marcha
deixalle dito a criada
veña cedo veña tarde
déitate na miña cama.
531. 35) O cura e maila criada
foron ás gharabullíños
o cura caeu de cú
a criada de fociños.
537. 36) O cura e maila criada *
fixeron unha festa
unha noite de luar
ó abrigho dunha xesta.

Nota de edición: Aínda que no cartafol orixinal de Dorothe Schubarth aparece como data de recolla Nadal de 1978, consideramos que se trata dun erro e que esta gravación foi realizada en decembro de 1979. As datas das pezas inmediatamente anteriores e posteriores así como as referencias delas no Cancioneiro Popular Galego e nas cubertas dos casetes orixinais, son todas do ano 1979.